

Estimados cooperativistas,

Como parte da súa labor de difusión e fomento do cooperativismo, O Consello Galego de Cooperativas estará presente na 12ª edición do **Fórum Gastronómico A Coruña'14** que se celebrará dende o día **23 ó 25 de febreiro de 2014** en ExpoCoruña.

Neste espazo de excelencia comercial, o Consello Galego de Cooperativas conta cun stand institucional que porá a disposición dos cooperativistas como axuda a súa posible participación. Dentro do stand, e co fin de promover a calidade natural dos seus produtos, ofreceráselles ás cooperativas os seus propios espazos de protagonismo.

A proposta do Consello Galego de Cooperativas comprende tamén outras actividades paralelas orientadas a potenciar os produtos do sector cooperativo galego e que se incluírán dentro do programa do Forum:

- Taller: trátase dunha sesión de cociña en directo con degustación simultánea elaborada por cociñeiros galegos de recoñecido prestixio con produtos cooperativos.
- Ateneo: neste caso a actividade consiste na realización dunha cata de viños cooperativos dirixida por un enólogo que presentará as singularidades de cada un de eles.

Dende a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social sentirémonos moi honrados de contar coa vosa participación. Para compartir espazo no stand do Consello Galego de Cooperativas está aberto o prazo de inscrición a través do teléfono 646134647 ou do correo eventos@eusumo.coop. Este prazo remata o vindeiro 9 de xaneiro de 2014.

Sen outro particular, recibide un cordial saúdo,

Odilo Martiñá Rodríguez
Director Xeral de Traballo e Economía Social

